

# **Convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Isla Couto para a colaboración no desenvolvemento competencial e emocional para a convivencia e das habilidades do traballo en equipo do alumnado de ciclos de formación profesional de grao básico**

**Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2026**

## **REUNIDOS**

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra, don Manuel A. Meixide Vecino, en calidade de Presidente da Fundación Isla Couto, con CIF número G-36680437 e domicilio social na Rúa Vázquez Varela, 54-3º, 36204 Vigo (Pontevedra), que actúa no seu nome e representación en virtude do artigo 20 dos estatutos fundacionais.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que, para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas,

## **EXPOÑEN**

1º. Que a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 39, establece que a formación profesional comprende o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. A Formación Profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poden producirse ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática e pacífica, e permitir a súa progresión no sistema educativo, no marco da aprendizaxe ao longo da vida.

Así mesmo, no seu artigo 40, establece que a formación profesional contribuír á que o alumnado consiga os resultados de aprendizaxe que lle permitan aprender por si mesmo e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na resolución pacífica dos mesmo en todos os eidos da vida persoal, familiar e social.

2º. Que a Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, establece no seu artigo 44.5 en relación aos ciclos formativos de grao básico que os criterios pedagóxicos cos que se desenvolverán os programas formativos destes ciclos adaptaranse ás características específicas do alumnado, adoptando preferentemente unha organización do currículo por proxectos de aprendizaxe colaborativa desde unha perspectiva aplicada, e fomentarán o desenvolvemento de habilidades sociais e emocionais, o traballo en equipo e a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación.

3º. Que a disposición adicional primeira do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras,

- Favorecer a inserción laboral e o desenvolvemento profesional do alumnado.
- Fomentar o desenvolvemento das habilidades interpersoais e sociais do alumnado como o traballo en equipo, a resolución de problemas, a toma de decisións, a xestión dos tempos e a adaptación aos cambios.

4º. Que o Plan FPGal360, Plan de Orientación profesional integral, ten como obxecto establecer un sistema integral de orientación profesional que guíe e acompañe á cidadanía na súa toma de decisións educativas e profesionais desde idades temperás e ao longo de toda a vida, co obxectivo de reducir o abandono escolar temperá, e incrementar a cualificación da poboación nova. E entre as súas actuacións está a colaboración con asociacións, institucións e colectivos dependentes de entidades públicas implicadas na orientación profesional e laboral.

5º. Que a Fundación Isla Couto, constituída o 31 de decembro de 1987, ten entre os seus obxectivos servir de apoio e estímulo para o desenvolvemento social e cultural da sociedade galega. Xaime Isla Couto, nado en Santiago de Compostela e promotor da Fundación Isla Couto, mantivo ao longo da súa vida un compromiso activo coa formación profesional en tanto ex-alumno e directivo da Asociación de antigos alumnos dos Salesianos de Vigo e asesor xurídico da Caixa de Aforros Municipal de Vigo, responsable do Colexio Fogar de Vigo, institución educativa especializada en Formación Profesional e xestionada durante décadas pola orde dos Salesianos.

6º. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a Fundación Isla Couto están dispostas a colaborar no desenvolvemento competencial e emocional para a convivencia e das habilidades do traballo en equipo, do alumnado dos ciclos

formativos de formación profesional de grao básico.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira. Obxecto**

Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Isla Couto para a impartición dunha formación de desenvolvemento competencial e emocional para a convivencia e das habilidades do traballo en equipo, dirixido ao alumnado dos ciclos formativos de formación profesional de grao básico.

### **Segunda. Compromisos das partes**

O desenvolvemento deste convenio comezará no CIFP Politécnico de Santiago de Compostela coa primeira edición da formación de desenvolvemento competencial e emocional para a convivencia a través do traballo en equipo dirixida ao alumnado de primeiro curso do ciclo básico de FP de madeira e moble que se realizará durante o curso 2026-2027.

O presente convenio xera para as partes a asunción dos seguintes compromisos:

#### **a. Fundación Isla Couto:**

- Organizar a realización dunha edición da formación de desenvolvemento competencial e emocional para a convivencia e a mellora das habilidades para o traballo en equipo para o alumnado de primeiro curso do ciclo básico de FP de madeira e moble do CIFP Politécnico de Santiago de Compostela, cunha dotación de 2.000,00 euros.
- Remunerar á entidade externa responsable de impartir a formación no CIFP Politécnico de Santiago de Compostela.
- Comunicar ao CIFP Politécnico de Santiago de Compostela, os resultados da avaliación da formación realizada polo alumnado participante.

#### **b. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:**

- Facilitar a impartición da formación no CIFP Politécnico de Santiago de Compostela en coordinación coa dirección do centro e o seu departamento de madeira.
- Designar un docente do centro CIFP Politécnico de Santiago de Compostela como titor ou titora responsable do seguimento do alumnado participante e de comprobar a adecuación das actividades ás necesidades formativas do alumnado.

### **Terceira. Centros e alumnado destinatario**

O alumnado destinatario será o matriculado nos ciclos formativos de Formación Profesional de grao básico.

A impartición desta formación poderá estenderse ao alumnado de calquera ciclo formativo de Formación Profesional de grao básico dos centros de formación profesional que se estimen oportunos..

#### **Cuarta. Vixencia**

O presente convenio estará vixente desde a data da súa firma ata o 31 de agosto de 2027. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e polo menos, cun mes de antelación.

#### **Quinta. Comisión de seguimento**

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- Dúas persoas representantes da Fundación Isla Couto.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actuará como secretaria.

#### **Sexta. Difusión da colaboración das partes**

Nas actuacións informativas e divulgativas que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa. Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

#### **Sétima. Protección de datos**

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, as partes intervenientes que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal non dispoñerán deles con finalidade distinta á esixida polas accións previstas.

Neste sentido, haberá que atender ao previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

#### **Oitava. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno**

A firma deste convenio supoñerá o consentimento expreso da persoa interesada á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, conforme ao artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; ao artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (BOE do 10 de decembro), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; e ao Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

#### **Novena. Carácter administrativo do convenio**

Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao amparo do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen a ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, exclúeno do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao previsto no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideren xurdir na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

As partes recoñecen que nada na relación entre a Fundación Isla Couto e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional involucrará nin constituirá ningún contrato, compromiso persoal, obrigación, aval ou garantía de ningún tipo entre os órganos dirixentes, doantes, empregados/as, consultores/as da fundación e/o os seus subcontratistas, por unha banda, e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e os centros educativos dela dependentes, doutra banda.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

O presidente da Fundación Isla Couto

Manuel A. Meixide Vecino